

*Artigo 14. Infraccións e sancións*

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

*Disposición final*

Esta ordenanza fiscal foi definitivamente aprobada polo Pleno do concello, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008 e terá vixencia mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

*Disposición derogatoria*

Coa tramitación do expediente de aprobación desta ordenanza queda derogada expresamente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluido incluidos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos, vixente para todos os feitos imponíbles devengados ata o 31/12/2007.

Cangas, 18 de decembro de 2007.—A Alcadesa, Clara Millán González.

2007012217

\* \* \*

**CRECENTE****A N U N C I O**

Publicado edito no Boletín Oficial da Provincia número 215 de data 7 de novembro de 2007, durante o prazo de trinta días hábiles e non téndose presentado reclamacións de conformidade co acordo plenario de data 27 de setembro de 2007, queda definitivamente aprobada a modificación da ordenanza “Taxa polo servizo da rede de sumidoiros”, cujo texto íntegro se publica de seguido:

**TAXA POLO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS****A N E X O**

1º.—A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

**CONCEPTOS:**

A) Pola prestación do servizo da rede de sumidoiros, cota anual:

- Vivendas e locais comerciais: 10 euros
- Industrias: 24 euros

B) Altas de conexión: 150 euros.

2º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación de data 27 de setembro de 2007.

En Crecente, a 17 de decembro de 2007.—O Alcalde, Julio C. García-Luengo Pérez.

**A N U N C I O**

Publicado edito no Boletín Oficial da Provincia número 215 de data 7 de novembro de 2007, durante o prazo de trinta días hábiles e non téndose presentado reclamacións de conformidade co acordo plenario de data 27 de setembro de 2007, queda definitivamente aprobada a modificación da ordenanza fiscal reguladora da “Ordenanza reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica”, cujo texto íntegro se publica de seguido:

**ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECANICA.****ARTICULO 1.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE.**

1.—O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calesqueira que sexan a súa clase e categoría.

2.—Considerase vehículo apto para a circulación o que houbase sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes mentres non haxa causado baixa nos mesmos. Aos efectos deste imposto tamén consideraranse aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.—Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que habendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibición, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica dos que a súa carga útil no seu superior a 750 quilogramos.

**ARTICULO 2.—EXENCIÓNS.**

1.—Estarán exentos do imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou a seguridade ciudadana.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Asemade, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionários ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados a asistencia sanitaria ou o traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do “Regulamento Xeral de Vehículos”, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Asemade, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous párrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste párrafo, consideraranse persoas con minusvalía quenes teñan esta condición legal en grado igual ou superior ao 33%.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

2.—Para poder aplicar as exencións a que se refiren os párrafos e) e g) do apartado 1 de este artículo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

Xunto coa solicitude de exención, os minusválidos ou discapacitados que sexan suxeitos pasivos deberán achegar orixinais ou fotocopias compulsadas da seguinte documentación:

- a) Vehículo conducido por persoas con discapacidade:
  - Certificado de minusvalía emitido polo órgano competente.
  - Permiso de conducción(anverso e reverso).
  - Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
  - Póliza de seguro do vehículo na que figure a persoas discapacitada como conductor do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o derradeiro recibo a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
  - DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.
  - Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade ao uso de persoa discapacitada.
- b) Vehículo destinado ao transporte de discapacitados:
  - Certificado do grado de minusvalía expedido polo órgano administrativo competente, na que conste ademais do grado de minusvalía o carácter temporal ou definitivo da mesma e se a persoa discapacitada ten dificultades de mobilidade que lle impidan a utilización de transporte colectivo.
  - Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
  - Póliza de seguro do vehículo debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o derradeiro recibo a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
  - DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.
  - Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte de persoa discapacitada.

#### **ARTICULO 3.—BONIFICACIONES.**

1.—Establécese unha bonificación do 100% para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüedad mínima de vintecinco anos contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se cofrecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.

2.—Os propietarios dos vehículos que teñan dereito a acollerse a bonificación prevista no apartado 1, deberán solicitar a mesma mediante a presentación da oportuna solicitude no rexistro de entrada de documentos do Concello de Crecente acompañando o DNI do solicitante e a xustificación documental do cumprimento das condicións establecidas no artigo 95.6 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ARTICULO 4.—SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artículo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a nome de quen conste o vehículo no permiso de circulación.

#### **ARTICULO 5.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGADO.**

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2.—O importe devéngase o primeiro día do período impositivo.

3.—O importe da cota do Imposto prorrataearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrato da cota nos mesmos términos e nos supostos de baixa temporal por sustracción ou roubo do vehículo, e elo dende o momento en que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente.

4.—No caso de transferencias ou cambios de enderezo con transcendencia tributaria, a cota será irreducible e obrigado ao pagamento do imposto será o que figure como titular no permiso de circulación do vehículo a día un de xaneiro.

5.—A concesión de beneficios fiscais no IVTM, a instancia dos suxeitos pasivos, producirá os seus efectos no exercicio seguinte a aquel no que se presente a solicitude.

#### **ARTICULO 6. XESTION.**

1.—A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponderá ao Concello de Crecente sempre que o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo pertenza ao término municipal.

2.—O Concello poderá delegar esta xestión en órganos recaudadores dependentes doutras administracións públicas.

3.—Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos, ou cando estes se reformen, de maneira que altere a súa clasificación aos efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a Administración municipal, e con carácter previo a súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, autoliquidación a cuxo efecto se cumplimentará o impreso aprobado por este Concello facendo constar os elementos tributarios determinantes da cuota a ingresar. Ao mesmo se acompañará:

- Documentación acreditativa da compra ou modificación del vehículo.
- Certificado de Características Técnicas.
- DNI o CIF do suxeito pasivo.

A liquidación poderase presentar polo interesado ou polo seu representante.

Simultaneamente á presentación da autoliquidación, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do Imposto resultante da mesma.

4.—Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o Imposto se xestiona a partires do Padrón anual do mesmo.

As modificacions do Padrón se fundamentarán nos datos do Rexistro de Tráfico, e nas Comunicacions de Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos, sempre que se altere a súa clasificación a efectos de este Imposto, e cambios de domicilio.

O Padrón do Imposto exporase ao público por un prazo de un mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público do Padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Os/as que soliciten diante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular dun vehículo deberán acreditar previamente o pago do Imposto Municipal.

Os/as titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación de vehículos, ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante la referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do Imposto, sen perxuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas.

As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes, se non se acredita o pago do Imposto nos termos establecidos nos apartados anteriores.

#### **ARTICULO 7. COTA TRIBUTARIA.**

1.Ao cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais (texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) aplicarase o coeficiente de 1,2 obténdose o cadro de cotas seguinte:

#### **CONCEPTO**

#### **CUOTA ANUAL**

##### **A) TURISMOS**

De menos de 8 CVF	15,14
De 8 a 11,99 CVF	40,90
De 12 a 15,99 CVF	86,33
De 16 a 19,99 CVF	107,53
De 20 CVF en adiante	134,40

<u>CONCEPTO</u>	<u>CUOTA ANUAL</u>
<b>B) AUTOBUSES</b>	
De menos de 21 praza	99,96
De 21 a 50 prazas	142,37
De mais de 50 prazas	177,96
<b>C) CAMIONS</b>	
De menos de 1.000 Kg. de carga útil	50,74
De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	99,96
De 2000 kg. a 9.999 Kg. de carga útil	142,37
De mais de 9.999 Kg. de carga útil	177,96
<b>D) TRACTORES</b>	
De menos de 16 CVF	21,20
De 16 a 25 CVF	33,32
De mais de 25 CVF	99,96
<b>E) REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES</b>	
De menos de 1.000 Kg. de carga útil	21,20
De 1.000 Kg. a 2.999 Kg. de carga útil	33,32
De mais de 2.999 Kg. de carga útil	99,96
<b>F) OUTROS VEHICULOS</b>	
Ciclomotores	5,30
Motocicletas ata 125 c.c.	5,30
Motocicletas de 125 a 250 c.c.	9,08
Motocicletas de 250 a 500 c.c.	18,18
Motocicletas de 500 a 1.000 c.c.	56,35
Motocicletas de mais de 1.000 c.c.	72,70

2.—Aos efectos de facilitar a aplicación das tarifas, deberanse ter en conta as seguintes regras:

a) Os conceptos das diversas clases de vehículos será o recollido no anexo II do Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o regulamento xeral de vehículos.

b) A potencia fiscal expresada en caballos fiscais calcularase de acordo co disposto no anexo V do Regulamento Xeral de Vehículos.

c) Os vehículos definidos como mixtos, todoterreos, mixtos adaptables, mixtos todoterreos, e furgón mixto adaptable e similares polo literal de clave numérica reflectida na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, agás nos seguintes casos:

- Se o vehículo está habilitado para o transporte de máis de nove persoas incluído o conductor, tributará como autobús.
- Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 1000 kg de cargo útil, tributará como camión.
- d) Os vehículos denominados autocaravanas serán considerados furgonetas aos efectos de tributación.
- e) Os furgóns, agás o mixto adaptable, tributarán como camión.
- f) As ambulancias e coches fúnebres, tributarán como turismos

#### DISPOSICION ADICIONAL UNICA

As modificacions producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a anterior ordenanza municipal reguladora deste imposto e todas aquelas disposicións emanadas de órganos municipais que se opoñan ou contradigan o presente texto articulado.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 27/09/07, entrará en vigor unha vez se complete o seu trámite de aprobación e exposición pública e se publique o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Creciente, a 17 de decembro de 2007.—O Alcalde, Julio C. García-Luengo Pérez.  
2007012229

## FORNELOS DE MONTES

Transcorrido o prazo de exposición ó público dos acordos provisionais de modificación das Ordenanzas Fiscais das taxas que de seguido se relacionan, adoptados polo pleno desta corporación na sesión celebrada o día 5 de novembro de 2007, sen que se presentase ningunha reclamación, élavanse a definitivos ditos acordos, segundo o sinalado no artigo 17.3 da Lei do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Publícase a súa aprobación definitiva en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da citada norma.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra a aprobación definitiva da modificación das ordenanzas fiscais das taxas sinaladas, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ou acudir directamente ó recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

#### TEXTOS QUE SE MODIFICAN

##### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ABASTECIMENTO DE AGUA A DOMICILIO

##### A N E X O

1º A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

<b>CONCEPTOS</b>	<b>EUROS</b>
A. Por cada subministración domiciliaria de auga potable, ó ano a particulares:	30,00
B. Por cada subministración domiciliaria de auga potable ó ano, a comercios, bares e outros establecimentos non especificados	40,00
C. Por cada subministración domiciliaria de auga potable ó ano, a industrias, naves industriais e granxas escolas	50,00
D. Por dereitos de cada acometida:	330,00
E. Por instalación de cada contador:	90,00
F. Por reposición de cada contador:	70,00
G. Por cada metro lineal de mangueira, a partir de dous, cando a súa instalación se solicite ó Concello:	18,00
H. Durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, por cada 1.000 litros de exceso sobre o límite de consumo diario de 1.500 litros	2,32

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no "Boletín Oficial" da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

##### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS

##### A N E X O

1º A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

<b>CONCEPTOS</b>	<b>EUROS</b>
A.- Por cada quinta ou vivenda independente conectada a rede, ó ano	25,00
B.- Cota de conexión	100,00

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no "Boletín Oficial" da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.